


***O oito de marzo,
celebramos o Día
Internacional da Muller?***





O Día Internacional da Muller ten indiscutibelmente as súas orixes no movemento internacional de mulleres socialistas de finais do século XIX, que tiñan como finalidade exclusiva promover a loita polo dereito ao voto da muller, sen ningún tipo de restrición baseada no nivel de riqueza, propiedades ou educación.



O primeiro Día Internacional da Muller foi organizado nos Estados Unidos o último día de febreiro de 1908. En 1909 conmemorouse o Día da Muller en Nova York. A Segunda Conferencia de Mulleres Socialistas que tivo lugar en Copenhague, Dinamarca, o 27 de agosto de 1910 estableceu o 8 de marzo como Día Internacional da Muller.



En 1975 a ONU estableceu o día 8 de marzo como o Día Internacional da Muller en conmemoración dun trágico accidente. O 8 de marzo de 1908 (outras informacións din que foi o 25 de marzo de 1911), en Nova York un gran número de mulleres que protestaban nunha fábrica téxtil ante os abusos patronais e por mellores condicións laborais foron despedidas. Pecháronse e declaráronse en folga. Produciuse un incendio provocado e 129 obreiras morreron no seu lugar de traballo.


EN POUCO TEMPO TRABALLA-
RANSE 35 HORAS!
(BAH; XA AS TRABALLO EU
EN 2 DÍAS!)



A participación das mulleres en todos os ámbitos da vida non garante o seu recoñecemento nin tampouco melloras na súa calidade de vida. Non poden participar plenamente na vida económica e pública, teñen acceso limitado ás posicións de influencia e poder, as súas opcións laborais son máis estreitas e obteñen menos ingresos cós homes desempeñando o mesmo traballo.

¿ENTÓN QUE SAIDA ME QUEDA SE
ME QUEDO VIUDA ANTES DOS 45
SEN COBRAR PENSIÓN?

¿POIS COBRAR 2.000 E A
CAMA, P. EXEMPLO!




A feminización da pobreza é un fenómeno crecente e implica que entre a poboación que vive nestas condicións son as mulleres as que reciben a carga máis pesada polo feito de ter que buscar a supervivencia da familia, o coidado dos enfermos e anciáns e, en moitos casos, engádeselle a esta situación a ausencia dun marido, ben pola deserción, ben pola emigración.



Cada ano, 2,3 millóns de mulleres corren risco de mutilación xenital. Nos Estados Unidos, cada 15 segundos unha muller é atacada, polo xeral polo seu propio esposo. Na India, segundo un estudo, entre o 18% e o 45% dos homes casados recoñecen que lles causan malos tratos ás súas esposas.

¡MOI BOAS!... ¿É EIQUI ONDE
OFRECEN TRABALLO A "PER-
SONAS DE AMBOS SEXOS"?



As políticas de igualdade deben facer posíbel unha necesaria e profunda transformación social; a construción dunha sociedade máis igualitaria e máis xusta na que se poidan acadar melloras significativas na calidade de vida das persoas e na que non exista discriminación por razón de sexo.




A pesar de que a muller se incorporou dende hai uns cantos anos ao mercado de traballo parece que a publicidade segue tratando á muller como se o fogar fora o seu hábitat natural e o mundo laboral un campo restrinxido. É dicir, ao utilizar a imaxe da muller non se respecta o papel que desempeña na sociedade moderna.



Durante os conflitos armados o ataque aos dereitos humanos da muller (asasinato, violación, escravitude sexual e embarazo forzado) utilízase como arma de guerra.

¡OICHES! ... ¡SE SUBE O LEITE,
BAIXA O GAS!

¡POIS A VER SE É CERTO,
PORQUE O LEITE ACABA
DE SUBIR 2 PESETAS!



O desigual reparto das responsabilidades familiares que propicia a maior dedicación das mulleres ao coidado de persoas dependentes e da infancia, son un elemento central no mantemento da discriminación laboral.



¿Ten hoxe sentido o Día Internacional da Muller?

Que llelo pregunten ás mulleres humilladas por un xuíz polo simple feito de levar unha minisaia; ás mulleres cuxas vidas profesionais, a pesar da súa valía, se ven obstaculizadas polos prexuízos dos “machiños” de sempre; ás mulleres africanas a quen mutilan a súa sexualidade e a súa alma; ás mulleres condenadas a agachar ata o último milímetro da súa pel coa única ambición de non morrer lapidadas; ás mulleres que vindo da miseria ven como a súa ilusión se murcha en prostíbulos do primeiro mundo.



SABÍAS QUE...

- **O 60% dos pobres do mundo son mulleres.**
- **500 mil mulleres morren ao ano por complicacións no embarazo.**
- **As mulleres representan dous terzos dos adultos analfabetos do mundo.**
- **Entre 3 e 4 millóns de mulleres son golpeadas cada ano no mundo.**



Cada ano, polo menos dous millóns de nenas entre 5 e 10 anos son vendidas e compradas no mundo como escravas sexuais.




Cada dúas horas unha muller é acoitelada, apedrada, estrangulada ou queimada viva para “salvar” a honra da familia.



A baixa actividade, o elevado desemprego e a desigualdade salarial son os tres principais indicadores da discriminación laboral que evidencian a insuficiencia das políticas e medidas adoptadas que non conseguiron eliminar os prexuízos empresariais na contratación de mulleres.

AQUÍ CHE PRESENTO AO MEU XEFE!




Cando menos, unha muller de cada tres ten sido golpeada, ou obrigada a ter relacións sexuais baixo coacción, ou maltratada doutra maneira ao longo da súa vida.



Nos países industrializados as mulleres con traballo asalariado a penas gañan a metade de cartos cós homes por desempeñar as mesmas funcións. Sofren máis despido ca eles e cando chegan á casa pola tarde teñen que realizar as tarefas domésticas.

CREÁSE O CONSELLO
DA MULLER?
POIS HABERÁ QUE CRELO!



A historia das mulleres está profundamente marcada polo seu empeño en acadar unha sociedade na que se recoñeza a igualdade de dereitos e de oportunidades.



Entre o 50 e o 80 por cento da produción, a elaboración e a comercialización de alimentos corre por conta das mulleres, ademais de atender a casa e a familia, por suposto.




O 70 por cento das pequenas empresas son levadas por mulleres.

Non nos esquezamos do traballo das mulleres sen salario, sen o cal a nosa sociedade non podería sobrevivir: na casa, no campo, nas empresas familiares, coidando nenos e enfermos...

Grazas por traballar, por conservares a parella, por ter e educar os fillos, por te ocupares de infinitos labores ...

Nunha xornada tan especial, participa e repite connosco en voz alta: "merecemos a pena todos os días do ano".

O CARRABOUXO; Xosé Lois González Vázquez



(2 - 3 - 83)